

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE DECEMBRO DE 2009

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

Lic/336/2008.- Urban Mahía, S. L.- Inicio de obras para construción dun edificio de 142 vivendas en dous bloques, locais comerciais e trasteiros nas parcelas 1A, 1B, 2A e 2B dos quinteiros 6 e 7 do polígono 2 do SUP-5 de Choupana.

Lic/1792/2008.- Visonos Bermúdez SAT 470 XUGA.- Vivenda unifamiliar en San Pelaio – Labacolla s/n.

DENEGADAS.-

Lic/38/2009.- Comunidade de Propietarios do edificio sito na rúa García Prieto nº 23 – 25.- Instalación dun ascensor exterior na rúa García Prieto nº 23 – 25.

PARCELACIONES.-

Lic/341/2007.- Lino López Salvado.- Adaptación das parcelas resultantes da parcelación autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de abril de 2.007, ás determinacións do documento de Revisión do PXOU aprobado definitivamente, por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio de 1 de setembro de 2.009.

Lic/2381/2007.- Antonio Rama Pereira.- parcelación urbanística da parcela sita no lugar Agro da Burata, parcela 72 do polígono 127. (+)

REXEITAR ALEGACIONES E DECLARAR INADMISIBLE A SOLICITUDE DE REVISION DE LICENZA presentada por D. Antonio López Míguez.-

Lic/670/2006.- Fenurbe, S. L.- Edificio de dúas plantas de soto, planta baixa, tres plantas altas e baixo cuberta para 11 vivendas na Avda. do Cruceiro da Coruña s/n.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

2236/09.- Carolina Suárez Lobato.- Expte. Lic/63/2006 3.000 €.-

2196/09.- José Manuel Pose Martínez.- Expte. Lic/535/2007 1.000 €.-

OCIHR

DISCIPLINAS.-

LICENZAS.-

LIC/1417/2009.- MANUEL NIETO LIÑARES.- Acondicionamento de local sen uso específico en rúa Pelamios, 16.

LIC/815/2005.- BASILISA COUTO ANIDO.- Modificación da licenza de obras concedida por acordo da XGL do 13/03/06 para rehabilitación de edificio con vivenda e baixo comercial na rúa das Rodas nº 18.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/1642/2009.- Devolución de fianza depositada por PURIFICACIÓN LÓPEZ MEIJIDE en garantía da licenza de obra de rehabilitación de elementos comúns na rúa Trindade, 6. O importe da fianza é de 1000 €.

APERTURAS.-

LAP/381/2008.- PATRICIA LÓPEZ RICO.- Licenza de apertura e obras para salón de perruquería en rúa Nova, 12-baixo.

6.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de xustificación de cambios de parcelas e demoras en obras de saneamento.

Acórdase poñer en coñecemento da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos que a causas que motivaron o cambio das parcelas e as demoras na execución das obras obedeceron a razóns técnicas, de oposición veciñal e de riscos de inundacións en posibles crecidas.

7.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello para o Centro de Información ás Mulleres (CIM).

Dáse conta dunha subvención concedida polo Servizo Galego de Igualdade e cofinanciada polo Fondo Social Europeo, por importe de 35.500 euros.

URXENCIAS

1.- Dar conta da concesión de subvencións ás Escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas.

Dáse conta da resolución da Consellería de Traballo e Benestar pola que se conceden dúas subvencións de 33.140,03 euros cada unha para o mantemento das escolas infantís municipais 0-3 anos (Fontiñas e Conxo) e os puntos de atención á infancia.

2.- Aprobación do Convenio de cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia para instalación de equipos emisores de TDT para a extensión de cobertura no municipio.

Apróbase o convenio asinado entre a Secretaría Xeral de Medios e o Concello para a instalación de equipos emisores de TDT para a extensión de cobertura no Concello de Santiago.

3.- Autorización de ocupación temporal de edificio para a ubicación da sede da Comisión de coordinación do Ano Santo 2010.

Dáse conta da autorización do Ministerio de Traballo e Inmigración para a ocupación temporal do edificio sito na rúa Azabachería 23-25, cunha superficie total de 650 metros cadrados, propiedade da Tesourería Xeral da Seguridade Social, con destino á ubicación da sede da Comisión de Coordinación do Ano Santo 2010 ata o 31 de xaneiro de 2011.

4.- Aprobación de prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación do servizo de lacería de recollida de animais abandonados no término municipal de Santiago.

Apróbanse o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación do servizo de lacería e recollida de animais abandonados no termo municipal de Santiago, por procedemento negociado sen publicidade, establéndose un tipo de licitación de 39.799,96 euros.

5.- Adxudicación definitiva das obras de reurbanización do espazo público da rúa do Espírito Santo.

Adxudícanse definitivamente as obras de reurbanización do espazo público da rúa do Espírito Santo á empresa EXTRACO, S.A., por un importe de 419.109 euros máis IVE.

6.- Aprobación de pregos de cláusulas e inicio da contratación do seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos do Concello de Santiago.

Apróbanse o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación do seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos do Concello de Santiago de Compostela, por procedemento aberto, establéndose un tipo máximo de licitación de 283.000 euros/ano

7.- Adxudicación definitiva das obras de reurbanización da rúa Trinidad.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa NEOR, SA, por importe de 111.165,64 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao requerimento da Xunta de Galicia sobre convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello.

Apróbanse as modificacións requiridas pola Consellería de Traballo e Benestar no texto do acordo regulador/convenio colectivo do persoal ao servizo do Concello de Santiago.

9.- Realización de voos fotogramétricos dixitais do casco urbano e da totalidade do termo municipal.

Adxudícase o contrato á empresa DITECAR, SL, por importe de 17.980 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación do programa complementario de prácticas non laborais en empresas, de usuarios da

bolsa local de emprego que realizaran accións formativas en actividades do sector servizos para 2009.

Apróbase o programa cun importe de 12.360 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de centros socioculturais relativa á aprobación do programa APALPANDO AS ILUSIÓNS da rede de centros para 2009.

Apróbase o programa e un orzamento de 31.644 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de centros socioculturais relativa á contratación do servizo de dinamización das aulas de informática e novas tecnoloxías de diversos CSC.

Adxudícase o devandito servizo a desenvolver nos centros socioculturais de Vilvestro, A Rocha, Figueiras, Fontiñas e Marrozos, á empresa NXN PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN, por importe de 14.616 euros.

13.- Proposta a concelleira delegada de centros socioculturais relativa á contratación do subministro de mobiliario para o departamento de CSC.

Adxudícase o subministro de mobiliario para o departamento de centros socioculturais á empresa ARCE AMOR, SL, por importe de 17.984,02 euros.

14.-Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á contratación das obras de mantemento de diversos CSC.

Adxudícanse as obras de mantemento dos centros socioculturais de Lamascal, Vite, Conxo, A Trisca, Busto e Grixoa á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL, por importe de 34.416,35 euros máis IVE.

15.-Aprobación do proxecto e adxudicación das obras de mantemento do pavimento en diversas zonas fora do recinto intramuros da Cidade.

Adxudícanse as obras de referencia á empresa CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, SL, por importe de 49.000 euros máis IVE.

16.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención pola Xunta de Galicia.

Dáse conta dunha subvención á Concellería de Benestar Social e Igualdade por importe de 439.348,24 euros.

17.- Xustificación de convenio asinado entre o Concello e Incolsa.

Xustifícase o convenio por importe de 139.940,91 euros relativo ao financiamento dos gastos de atención das oficinas de turismo de información municipal e a creación de produtos, publicacións e confección de material de promoción.

18.- Designación de enxeñeiro técnico supervisor das obras de dotación de acceso a internet a través da rede Wimax nas parroquias de San Martiño de Aríns e Santa María de Figueiras.

Desígnase a Pedro R. Sánchez Mariño.

19.- Concesión de subvención para a realización de actividades de información, orientación, busca de emprego e capacitación de ofertas.

Dáse conta da concesión da devandita subvención por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación por importe de 46.848,54 euros.

20.- Dar conta da concesión dunha subvención para Curtocircuíto.

Dáse conta dunha subvención do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais por importe de 6.000 euros.

21.- Liquidación do torneo internacional de baloncesto feminino “Cidade de Santiago”.

Apróbase a liquidación cun saldo positivo de 1.916,15 euros.